

Aspectos básicos da LOMCE

Novos currículos de educación primaria e de Formación Profesional básica en Galicia

Índice

Que é a LOMCE?	5
Que obxectivos ten a LOMCE?	5
Cal é o calendario de implantación da LOMCE?	6
Que cambios introduce o currículo de educación primaria?	7
Nova configuración curricular. Áreas. Principais elementos.....	7
Cadro de distribución horaria.....	8
Outras características esenciais do novo currículo galego da educación primaria	8
Formación Profesional básica	11
Títulos de FP básica	12
Cal é a validez dos títulos?	12
Cales son as vías de obtención do título profesional básico?	13
Cales son os requisitos para acceder á FP Básica?	13
Que hai que facer para matricularse?	13
Documentación a presentar.....	14
Cal é o período de admisión na FP básica?	14

Que é a LOMCE?

A Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) é unha modificación da vixente LOE (Lei Orgánica de Educación), de xeito que, aproveitando as fortalezas do sistema actual e mantendo a súa estrutura, se propoñen un conxunto de medidas que pretenden mellorar as condicións para que todo o alumnado poida acadar o seu pleno desenvolvemento persoal e profesional. Polo tanto, baséase o sistema educativo na equidade, garantindo a igualdade de oportunidades independentemente das condicións persoais, culturais, económicas ou sociais.

Con esta reforma trátase de facer fronte aos principais problemas detectados no sistema educativo español, nos **resultados obxectivos das avaliacións** realizadas por organismos internacionais, co fin de converxer cara aos **obxectivos europeos en educación da Estratexia Europa 2020**.

Unha ollada aos **sistemas educativos do noso contorno**, suxírense medidas como a simplificación do currículo, reforzo dos coñecementos instrumentais, flexibilización das traxectorias, desenvolvemento de sistemas de avaliación censais e consistentes no tempo, maior autonomía e especialización dos centros; e incremento na transparencia dos resultados e rendición de contas.

Unha **taxa alta de abandono temperán supón de feito a exclusión de parte do alumnado**, ao que o sistema actual non ofrece mecanismos suficientes para continuar. A LOMCE ofrece un conxunto flexible de traxectorias en función das necesidades e preferencias das familias e o alumnado; trátase de **posibilidades de elección voluntaria**.

Trátase en definitiva de adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado.

Que obxectivos ten a LOMCE?

O sistema educativo ten que facer fronte a retos como son, entre outros, as elevadas taxas de abandono escolar, o baixo nivel formativo respecto dos estándares internacionais (PISA, PIACC...), inadecuación do sistema ante novas demandas de formación e o reducido número de alumnado que acada a excelencia.

A reforma educativa fíxase como obxectivos:

- Diminuír as taxas de abandono educativo temperán.
- Aumentar as taxas de titulación en secundaria.
- Mellorar o nivel de coñecementos en áreas prioritarias.
- Promover a autonomía dos centros docentes, reforzando a capacidade de xestión das direccións dos centros.
- Incorporar e potenciar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación.
- Impulsar e modernizar a Formación Profesional.

- Mellorar a aprendizaxe de linguas estranxeiras.
- Racionalizar a oferta educativa, reestruturando os currículos e priorizando as materias troncais.
- Crear mecanismos de detección temperá das dificultades de aprendizaxe, que eviten a repetición e fracaso do alumnado.

Cal é o calendario de implantación da LOMCE?

Calendario de implantación	Curso escolar		
	2014-2015	2015-2016	2016-2017
Primaria	1º		
	2º		
	3º		
		Avaliación	
	4º		
	5º		
6º			
		Avaliación	
ESO	1º		
	2º		
	3º		
	4º		Avaliación final (*)
Bacharelato	1º		
	2º		Avaliación final (*)
Formación Profesional básica	1º		
	2º		
Formación Profesional de grao medio	1º		
	2º		

Que cambios introduce o currículo de educación primaria?

Galicia establece o seu currículo nesta etapa educativa mediante o **Decreto 105/2014** de 4 de setembro (DOG do 9 de setembro).

O punto de partida é unha modificación normativa gradual e práctica que desenvolva melloras para seguir avanzando nun sistema educativo de calidade, inclusivo e que garanta a igualdade de oportunidades, no que se faga efectiva a posibilidade de que cada alumna ou alumno desenvolva ao máximo as súas posibilidades.

En liñas xerais:

A etapa de educación primaria comprende e organízase en seis cursos académicos, como ata o de agora, pero desaparece a distribución en tres ciclos.

A área de Coñecemento do medio natural, social e cultural desaparece e, no seu lugar traballaranse as áreas de Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais.

A nova configuración curricular establece tres bloques de disciplinas en función das competencias e grao de autonomía das administracións educativas e centros:

- Disciplinas troncais, presentes en todos os cursos:
 - Ciencias da Natureza.
 - Ciencias Sociais.
 - Lingua Castelá e Literatura.
 - Matemáticas.
 - Primeira Lingua Estranxeira.
- Disciplinas específicas, presentes en todos os cursos:
 - Educación Física.
 - Relixión ou Valores Sociais e Cívicos, segundo elección de país, nais ou tutores legais.
 - Educación Artística.
- Disciplinas de libre configuración autonómica:
 - Lingua Galega e Literatura, en todos os cursos e con tratamento análogo a Lingua Castelá e Literatura.
 - Opción de oferta propia do centro de disciplinas de libre configuración.

Nova configuración curricular. Áreas. Principais elementos

- Foméntase o **reforzo da adquisición da competencia clave de matemáticas con dúas horas máis na etapa**, unha en quinto curso e outra en sexto curso (previo á avaliación final de etapa).

- **Supérase o mínimo legal establecido do 50% para as disciplinas troncais** dedicándolles **máis do 62%** , sen contabilizar a dedicación establecida para Lingua Galega e Literatura que ten o mesmo tratamento.
- **Mantemento do equilibrio lingüístico** das linguas segundo o marco normativo propio de plurilingüismo. Lingua Galega e Literatura así como Lingua Castelá e Literatura teñen a mesma consideración en termos de horarios, avaliación e carga lectiva.
- **Mantense o peso das ciencias sociais e naturais**, na súa nova configuración de dúas materias, cunha nova redistribución.
- Apóstase pola **estabilidade nas materias artísticas**, nas súas vertentes de Música e Plástica e **na educación física**.
- **Potencia e visibiliza a autonomía dos centros**. Dispoñen de **dúas horas de libre configuración na etapa**, unha en cuarto e outra en sexto para establecer áreas da súa elección, que poden dedicar a reforzo ou ampliación de materias ou á impartición doutras, segundo o seu proxecto educativo.

Cadro de distribución horaria

Asignaturas	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Lingua galega e literatura	4	4	4	4	4	3
Lingua castelá e literatura	4	4	4	4	4	3
Matemáticas	5	5	4	4	5	5
Ciencias sociais	3	2	3	2	2	3
Ciencias da natureza	2	2	2	2	2	2
Lingua estranxeira	2	2	3	3	3	3
Educación artística	2	2	2	2	2	2
Educación física	2	2	2	2	2	2
Relixión/ Valores sociais e cívicos	1	2	1	1	1	1
Libre configuración do centro				1		1
Totais: ...	25	25	25	25	25	25

Outras características esenciais do novo currículo galego da educación primaria

- A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as disciplinas.
- Promoción e avaliación :
 - O alumnado accederá ao curso ou á etapa seguinte cando se considere que logrou os obxectivos que corresponden ao curso realizado ou aos obxectivos de etapa, e que alcanzou o grao de adquisición de competen-

cias correspondentes. De non ser así, poderá repetir unha soa vez durante a etapa, igual que ata o de agora, cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio.

- Nas avaliacións teranse en conta o progreso do alumnado no conxunto das áreas de aprendizaxe, o que axudará ao profesorado a diagnosticar problemas de aprendizaxe e establecer as medidas necesarias para lograr o éxito escolar.
- Proba de avaliación ao rematar o terceiro curso: os centros realizarán unha avaliación interna individualizada a todo o alumnado, valorarase:
 - A expresión e comprensión oral e escrita.
 - O cálculo e resolución de problemas matemáticos.

De resultar desfavorable o equipo docente deberá adaptar as medidas ordinarias e extraordinarias máis adecuadas.

- Proba de avaliación ao rematar o sexto curso: realizarase unha avaliación final individualizada a todo o alumnado na que se comprobará o grao de adquisición das seguintes competencias:
 - Comunicación lingüística.
 - Matemática.
 - Ciencia e tecnoloxía.

Os resultados recolleranse nun informe que será entregado aos pais, ás nais, ou aos titores legais e terá carácter informativo e orientador para os centros.

- **Regula as tarefas extraescolares** con respecto á autonomía pedagóxica e organizativa e segundo as peculiaridades, necesidades e ritmos do alumnado e atendendo á progresividade ao longo da etapa.
- **Potenciación da aprendizaxe por competencias**, en liña coas recomendacións europeas sobre competencias clave para a aprendizaxe permanente.
- **Ampliación do principio de autonomía dos centros educativos e dos docentes.**
- **Fortalecemento dos elementos transversais e dos programas en desenvolvemento no sistema educativo galego:**
 - Atención á diversidade.
 - Elementos transversais.
 - Aprendizaxe de linguas estranxeiras. Plurilingüismo.
 - Educación dixital.
 - Plan Lector.
 - Promoción de estilos de vida saudables.
- **Potenciación da aprendizaxe por competencias:**

- Currículo baseado na adquisición polo alumnado das competencias clave que priman sobre os contidos.
- O rol dos docentes é fundamental, **non é un currículo só baseado en contidos, memorístico** senón baseado en **actividades de aprendizaxe integradas**, polo tanto, os libros de texto, sendo unha ferramenta esencial, non son determinantes na implantación do currículo, polo que é posible o seu mantemento.
- **Ampliación do principio de autonomía** dos centros educativos e dos docentes:
 - Tanto para completar contidos curriculares das distintas áreas, para deseñar e implantar métodos pedagóxicos e didácticos e configurar, no seu caso, parte da **oferta formativa**.
 - **Reforzo da autonomía pedagóxica e organizativa**.
- Fortalecemento dos elementos transversais e dos programas propios do sistema educativo galego:
 - **Atención á diversidade: principio metodolóxico e valor fundamental para todo o alumnado**. Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo: necesidades educativas especiais; TDAH; altas capacidades entre outros.
 - **Elementos transversais no currículo**: inclusión das persoas con discapacidade; igualdade de oportunidades e non discriminación; igualdade efectiva homes e mulleres e prevención da violencia de xénero; convivencia; prevención de racismo, xenofobia ou calquera forma de violencia; prevención de discriminación por orientación sexual ou identidade de xénero (LGBTI); espírito emprendedor e seguridade viaria; entre outros.
 - **Aprendizaxe de linguas estranxeiras**. Plurilingüismo.
 - **Educación dixital**: recursos dixitais (libro dixital) e contornos virtuais de aprendizaxe (EVA).
 - **Plan Lector**.
 - **Promoción de estilos de vida saudables**.

Formación Profesional básica

Galicia establece o seu currículo nesta etapa educativa mediante o **Decreto** aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 4 de setembro de 2014, polo que se regulan os aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo de Galicia e se establecen **vinte e un currículos** de títulos profesionais básicos.

A formación profesional básica forma parte das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo e ven a substituír progresivamente os programas de cualificación profesional inicial (PCPi).

Estas ensinanzas responden a un perfil profesional que inclúe ao menos unha cualificación profesional completa de nivel 1 do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais e ordénase en ciclos formativos organizados en módulos profesionais de duración variable, cunha duración de 2000 horas e 2 cursos académicos. Podendo, na modalidade de FP dual, chegar ata 3 cursos.

Os ciclos de formación profesional básica incluírán os seguintes módulos profesionais:

- **Módulos asociados a unidades de competencia** do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.
- **Módulos asociados a bloques comúns:**
 - Módulo de Comunicación e sociedade I e Módulo de Comunicación e Sociedade II: Lingua galega e castelá, Lingua estranxeira e Ciencias sociais.
 - Módulo de Ciencias aplicadas I e Ciencias aplicadas II: Matemáticas e Ciencias.
- **Módulos profesionais específicos** de Formación Profesional, incluíndo a formación en centros de traballo –FCT–. Titoría.

Coa superación dun ciclo de FP básica obtense o título profesional básico correspondente ás ensinanzas cursadas.

Ademais dos fins e os obxectivos establecidos con carácter xeral para as ensinanzas de formación profesional, as ensinanzas conducentes a obtención do título de formación profesional básica contribuirán a:

- Facilitar a permanencia do do alumnado no sistema educativo.
- Ofrecer ao alumnado maiores posibilidades para o seu desenvolvemento persoal e profesional.
- Alcanzar e desenvolver as competencias da aprendizaxe permanente ao longo da vida para:
 - Proseguir estudos de ensinanza secundaria postobligatoria.

- Facilitar a transición cara á vida activa.

Títulos de FP básica

- Actividades agropecuarias.
- Actividades marítimo-pesqueiras.
- Agroxardinaría e composicións florais.
- Aloxamento e lavandaría.
- Aproveitamentos forestais.
- Arranxos e reparación de artigos téxtiles e de pel.
- Artes gráficas.
- Carpintaría e moble.
- Cociña e restauración.
- Electricidade e electrónica.
- Fabricación e montaxe.
- Industrias alimentarias.
- Informática de oficina.
- Informática e comunicacións.
- Mantemento de vehículos.
- Peiteado e estética.
- Reforma e mantemento de edificios.
- Servizos administrativos.
- Servizos comerciais.
- Tapizaría e cortinaxe.
- Vidraría e olaría.

Cal é a validez dos títulos?

O título profesional básico ten tanto valor académico como profesional. Éste título permite o acceso aos ciclos formativos de grao medio (o perfil de cada título indica os ciclos de grao medio con preferencia de acceso).

A persoa que posúa un título profesional básico poderá obter o título de graduado na ESO, pola opción de ensinanzas académicas ou pola opción de ensinanzas aplicadas, mediante a superación da proba de avaliación final da educación secundaria obrigatoria.

Os alumnos e alumnas que finalicen os seus estudos sen obter o título profesional básico, recibirán a certificación académica dos módulos profesionais superados que terá efectos académicos e de acreditación parcial acumulable

das competencias profesionais adquiridas en relación co Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional.

O título profesional básico ten os mesmos efectos laborais que o título da ESO e capacita para levar a cabo funcións de nivel básico de prevención de riscos laborais.

Cales son as vías de obtención do título profesional básico?

- Superar un ciclo de formación profesional básica.
- Superar a proba para a obtención directa do título profesional básico (maiores de 18 anos).
- Acreditar todas as unidades de competencia do título profesional básico (maiores de 22 anos), a través de:
 - Certificados de profesionalidade de nivel 1
 - Procedemento de avaliación e acreditación de competencias profesionais

Cales son os requisitos para acceder á FP Básica?

Requisitos que debe cumprir o alumnado de forma simultánea:

- Ser proposto/a polo equipo docente.
- Consentimento do pai, da nai ou dos/das titores/as legais.
- Facer 15 ou 16 anos no ano de inicio do ciclo formativo.
- Ter cursado o terceiro curso de educación secundaria obrigatoria ou, excepcionalmente, ter cursado o segundo curso.
- A proposta do equipo docente, tamén poderá solicitar a admisión na FP Básica o alumnado de 17 anos feitos no ano de inicio do ciclo formativo, escolarizado na educación secundaria obrigatoria.
- De quedar prazas vacantes, completaranse os grupos con persoas que cumpran os seguintes requisitos:
 - Que fagan 18, 19 ou 20 anos no ano de inicio do ciclo formativo.
 - Que non estean en posesión dun título de formación profesional ou calquera outro título que acredite a finalización de estudos secundarios completos.

Que hai que facer para matricularse?

Presentar unha única solicitude de admisión e matrícula, asinada pola persoa solicitante (se esta é menor de idade, ademais deberá ser asinada por calquera dos/das titulares da patria potestade ou representantes legais).

A solicitude presentarse no centro educativo no que pretenda ser admitido, e no caso de que a docencia do ciclo se organice en dous centros, a solicitude deberá presentarse no centro onde se impartan os módulos asociados a

unidades de competencia.

Documentación a presentar

- Copia do DNI ou NIE, no caso de non dar o consentimento para a comprobación dos datos de identidade no sistema de verificación do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- Comunicación de incorporación á formación profesional básica, no caso de alumnado que foi proposto polo equipo docente con 15, 16, ou 17 anos.
- Certificado de discapacidade, no caso de participar no proceso de admisión pola reserva para persoas con discapacidade.

Cal é o período de admisión na FP básica?

- Presentación de solicitudes: do 1 ao 10 de setembro ás 13.00 horas.
- Publicación, nos centros educativos, das listaxe de alumnado admitido e non admitido: 12 de setembro.
- Matriculación: do 12 ao 19 de setembro.
- Para máis información: www.edu.xunta/fp